

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SAN PABLO DE CATABOIS DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2016

No local do Centro Cívico de San Pablo, situado na Rúa Carballo s/n, Ferrol, sendo as 19:40 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de San Pablo de Catabois cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde. José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego e Normalización Lingüística.		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	18	Nº de homes:	5
		Nº de mulleres:	13

Desenvolvemento da sesión:

Álvaro Montes, concelleiro delegado de Participación, dá a benvida ás persoas asistentes e informa do formato da asemblea que se estruturará nun apartado para a renovación de cargos e noutro espazo para o debate.

A continuación cede á palabra ao Alcalde, que presidirá a asemblea.

Toma a palabra o Alcalde dando a benvida e agradecendo aos veciños e veciñas que asisten a súa presenza e a dispoñibilidade do seu tempo para estar presentes nesta asemblea.

O Alcalde pide aos veciños e veciñas que sexan co-partícipes na toma de decisións tanto para o barrio como para a cidade. Subliña que se trata de establecer un diálogo aberto e sincero e aprender uns dos outros.

A continuación, cédelle a palabra a Andrea Rico e Olalla López da empresa Rexenerando S.Coop. Galega que pasan a explicar que é unha asemblea de barrio, para que serve, e informan de que é preciso completar a renovación de cargos, dado que da asemblea anterior xa existe un vicepresidente da Asemblea de Barrio e un representante no Consello da Veciñanza.

Establécese un pequeno debate pero ninguén presenta a súa candidatura para ocupar os postos vacantes e decídese tratar este tema máis adiante e pasar ao espazo de debate, sucedéndose a modo de resumo as seguintes intervencións:

Intervención 1: Toma a palabra unha veciña para defender que hai que tirar para diante coa participación.

Intervención 2: Toma a palabra un representante da A.VV. do barrio para manifestar que levan ano e medio metendo escritos cos problemas do barrio no Rexistro do Concello e non resolvedes nada, e pregunta se van a facer caso ou non.

O concelleiro delegado de Participación cidadá resposta que a súa área non ten capacidade para resolver todas as cuestións e subliña que estas asembleas son espazos abertos e serven para expoñer aos concelleiros e concelleiras responsables de cada área os vosos problemas. Estamos aquí para fomentar unha interlocución directa, somos conscientes dos erros e das cousas que non fixemos.

Intervención 3: Toma a palabra unha veciña do barrio para denunciar a situación de dúas fincas na rúa Codesal, concretamente os números 48 e 50, que teñen problemas de ratas, silveiras, augas que corren pola súa propiedade procedente da limpeza de animais, e que xa o anterior goberno municipal quedara pendente de amañar, e manifesta que este goberno tamén xa estivo na zona pero aínda non lles deron unha solución. Pide unha vez máis que se tomen medidas sobre este asunto que xa levan anos sufrindo.

Intervención 4: Toma a palabra un veciño da zona de Corral do Froitel para denunciar a situación que sofre a súa vivenda pois cando chove éntralle a auga na súa propiedade. Subliña que se arranxou un anaco da rúa pero que queda pendente uns poucos metros de asfalto diante da súa vivenda polo que solicita que se termine de arranxar dunha vez.

Suscítase a continuación un debate entorno ao papel da asemblea de barrio e o papel da A.VV para trasladar os problemas do barrio ao Concello. Os representantes do Goberno municipal presentes na asemblea reiteran en diversas ocasións que a Asemblea de Barrio non substitúe a A.VV.

Interveñen diversas persoas defendendo a participación cidadá, o modelo de orzamentos participativos, que trouxo cousas para o barrio.

Inténtase de novo, antes de rematar a asemblea, que alguén dos presentes se postule para ocupar os postos vacantes, tanto na Asemblea de Barrio como no Consello da Veciñanza, pero ninguén presenta a súa candidatura, quedando as cousas como ata o de agora.

Por último, o Alcalde pecha a asemblea incidindo en que se debe dar unha oportunidade á participación cidadá, manifestando que hoxe somos aquí 15 veciños e veciñas, que asumimos as críticas, pero que debemos pelexar para que na seguinte reunión oxalá sexamos 30 ou mais veciños e veciñas do barrio de Catabois.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 21:00 horas.

O alcalde

O traballador municipal

Asdo. Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro